



Resolución do 4 de abril de 2024 pola que se declara a **tramitación de urxencia** no proceso selectivo unitario para a provisión mediante contrato laboral de postos de auxiliares de policía local (código de procedemento PR461A), convocado mediante a Orde do 12 de marzo de 2024 (DOG Núm. 55, do 18 de marzo).

Mediante a Orde do 12 de marzo de 2024 (DOG Núm. 55, do 18 de marzo) convocouse o proceso selectivo unitario para a provisión, mediante contrato laboral temporal de postos de auxiliares de policía local.

Dito proceso atópase regulado na antedita orde e no Decreto 115/2017, do 17 de novembro, polo que se regula a cooperación da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia cos concellos na selección dos membros dos corpos de policía local, vixiantes municipais e auxiliares de policía local.

O artigo 95 da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais, sinala que os concellos con aumento notorio de poboación en determinadas tempadas, especialmente no verán, poderán incrementar transitoriamente o seu cadro de persoal mediante a contratación de persoal con función de auxiliar de policía local.

Os auxiliares de policía local desempeñarán as súas funcións de apoio e auxilio aos membros do Corpo da Policía Local.

De acordo co establecido no artigo 33 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, cando razóns de interese público o aconsellen, poderase acordar, de oficio, a aplicación da tramitación de urxencia, o que supón reducir á metade os prazos establecidos no procedemento ordinario, salvo os relativos á presentación de solicitudes e recursos.

Ademais, este artigo precisa que non caberá recurso algún contra o acordo que declare a aplicación da tramitación de urxencia ao procedemento, sen prexuízo do procedente contra a resolución que poña fin ao procedemento.

De acordo coas características propias dos postos a contratar, descritas con anterioridade, e a súa necesidade de rematar a selección á maior brevidade posible



e poder garantir así aos concellos que delegaron a súa selección na Xunta de Galicia, trala sinatura dos convenios preceptivos, a súa contratación para a tempada de verán, constátase que existen razóns fundadas de interese público que aconsellan reducir á metade os prazos establecidos no procedemento ordinario.

Considerando, por tanto, que concorren os requisitos da tramitación de urxencia prevista no artigo 33 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, esta Dirección Xeral

RESOLVE:

Declarar a urxencia proceso selectivo unitario para a provisión mediante contrato laboral de postos de auxiliares de policía local (código de procedemento PR461A), convocado mediante a Orde do 12 de marzo de 2024 (DOG Núm. 55, do 18 de marzo), e por tanto **reducir á metade os prazos establecidos no procedemento ordinario**, salvo os relativos á presentación de solicitudes e recursos.

A Estrada, 4 de abril de 2024

Santiago Villanueva Álvarez

Director xeral da Academia Galega de Seguridade Pública

